

Taxa pola ocupación temporal ou permanente da vía pública por aparellos automáticos e máquinas, aparellos e semellantes que sen ocupar a vía pública se accionen desde aquela

## **TAXA POLA OCUPACIÓN TEMPORAL OU PERMANENTE DA VÍA PÚBLICA POR APARELLOS AUTOMÁTICOS E MÁQUINAS, APARELLOS E SEMELLANTES QUE SEN OCUPAR A VÍA PÚBLICA SE ACCIONEN DESDE AQUELA**

*Aprobación: 19/09/02 - B.O.P.: 10/12/02*

*Modificación: 18/12/06 - B.O.P.: 22/12/06*

*Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08*

### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

De acordo co que dispoñen os artigos 15 a 27 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial que se deriven da ocupación temporal ou permanente da vía pública por aparellos automáticos e máquinas, aparellos e semellantes que sen ocupar a vía pública se accionen desde aquela, as normas da cal atéñense ao que dispón o artigo 58 do texto legal citado.

### **Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación temporal ou permanente da vía pública por aparellos automáticos e máquinas, aparellos e semellantes que sen ocupar a vía pública se accionen desde aquela.

### **Art. 3. Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licenzas ou as que se beneficien do aproveitamento, no caso de procederse sen a correspondente autorización.

### **Art. 4. Contía.**

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a que se fixa nas tarifas que se conteñen no anexo correspondente.

### **Art. 5. Obriga do pago.**

1. A obriga do pago da taxa regulada nesta Ordenanza iníciase:

- a) Cando se trata de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitaren a correspondente licenza.
- b) Cando se trata de concesións de aproveitamentos que xa estean autorizados, o primeiro día de cada un dos períodos naturais de tempo que se indiquen na tarifa.

2. O pago da taxa realizarase:

- a) Cando se trate de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na tesourería Municipal ou onde teña establecido o Concello, pero sempre antes de retirar a licenza correspondente.

Taxa pola ocupación temporal ou permanente da vía pública por aparellos automáticos e máquinas, aparellos e semellantes que sen ocupar a vía pública se accionen desde aquela

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de acordo co que se dispón no artigo 47.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, e elevarase a definitivo cando sexa concedida a licenza correspondente.

- b) Cando se trate de concesións de aproveitamentos que xa estean autorizados e prorrogados, unha vez estean incluídos nos padróns ou nas matriculas desta taxa, por anos naturais, nos termos que estableza a Comisión de Goberno.

## **Art. 6. Normas de xestión.**

1. As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polos períodos naturais de tempo establecidos nos epígrafes respectivos.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza terán que solicitar previamente a licenza correspondente, realizar o depósito previo ao que fai referencia o artigo seguinte e formular unha declaración na que conste a superficie e a duración do aproveitamento. A licenza terase que solicitar cunha antelación mínima á data de ocupación da vía pública de 25 días.
3. No caso de que as autorizacións fosen denegadas, os interesados poderán solicitar no Concello a devolución do imposto ingresado.
4. Non se consentirá a ocupación da vía pública antes de que se teña aboado o depósito previo ao que se refire o artigo 4.2 a) anterior e os interesados obtivesen a correspondente licenza. O incumprimento desta prescrición poderá provocar que non se conceda a licenza, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e as recargas ás que haxa lugar.
5. As autorizacións terán carácter persoal e non se poderán ceder ou subarrendar a terceiros. O incumprimento desta prescrición provocará a anulación da licenza.
6. Cando o obxecto da taxa sexa a ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, fixarase unha fianza do 50 por cento do importe da taxa sen prexuízo do pagamento da taxa correspondente.
7. Cando o obxecto sexa a ocupación da vía pública con mesas e cadeiras, a fianza queda fixada no 20 por cento do importe da taxa.
8. As licenzas concedidas poderanse anular a petición da persoa interesada mediante o aboamento do 10 por cento da taxa que corresponda satisfacer, sempre que non se tivese ocupada a vía pública nalgún intre.
9. A taxa correspondente a aqueles aproveitamentos regulados pola presente ordenanza que se iniciasen sen que fose solicitada a licenza oportuna terán un recargo do 200 por cento da taxa correspondente.

Taxa pola ocupación temporal ou permanente da vía pública por aparellos automáticos e máquinas, aparellos e semellantes que sen ocupar a vía pública se accionen desde aquela

## ANEXO DE TARIFAS

### Taxa pola ocupación temporal ou permanente da vía pública

<b><u>Tarifa 1.</u> Aparellos automáticos na vía pública:</b>	
a) Básculas automáticas e aparellos semellantes, por semestre e aparello	44,64 €
b) Aparellos distribuidores de gasolina e semellantes, por semestre e aparello	44,64 €
c) Aparellos recreativos ou similares, por cada aparello ao mes	6,53 €
<b><u>Tarifa 2.</u> Máquinas, aparellos e semellantes que sen ocupar a vía pública se accionen desde aquela:</b>	
a) Máquinas ou aparellos expendedores de bebidas ou outros produtos, por cada unha, cota anual irredutible	97,98 €
b) Caixeiros permanentes e semellantes en entidades bancarias:	
b.1) Caixas de correos e aquelas que permiten tan só o ingreso de cantidades, cada unha cunha cota anual irredutible	81,66 €
b.2) Caixeiros automáticos que permiten a retirada de fondos e outras operacións, cada unha delas cunha cota anual irredutible	543,45 €
c) Outros tipos de maquinaria ou aparellos, caixeiros ou similares	97,98 €

### Disposición final

A presente ordenanza, que consta de 6 artigos e unha disposición final, terá efectos desde o primeiro de xaneiro de 2003 e seguirá en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.